



EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2023.

| Entidade Beneficiaria | NIF | Tipo de Subvención | Finalidade | Aplicación orzamentaria | Importe | Órgano de Aprobación |
|--|-----------|--------------------|--|-------------------------|-------------|----------------------|
| Asoc de desarrollo rural Serra do Caurel | G27237494 | Nominativa | Courel Son | 3340.48900 | 3.000,00 € | Presidencia |
| Sociedad Filarmónica de Lugo | G27013069 | Nominativa | Realización de concertos Tempada 2023 | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Concello de Vilalba | P2706500B | Nominativa | Aportación conservatorios | 3240.46200 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Asoc. Juvenil y Cultural Os Turulecas do Incio | G27250927 | Nominativa | Danzas da Cervela | 3340.48900 | 3.000,00 € | Presidencia |
| Grupo Foto Cinematográfico Fonmiñá | G27011865 | Nominativa | Semana do Cine | 3340.48900 | 35.000,00 € | Presidencia |
| Asociación de Amigos del Jazz Escobijazz | G27112796 | Nominativa | Festival de Jazz de Lugo | 3340.48900 | 22.000,00 € | Presidencia |
| Instituto Estudios Chairegos Pena do Encanto | G27268085 | Nominativa | Publicación e Actividades | 3340.48900 | 6.000,00 € | Presidencia |
| Concello da Pobra do Brollón | P2704700J | Nominativa | Gastos da Escola Municipal de música, danza e artes escénicas Samoeiro | 3340.48900 | 8.000,00 € | Presidencia |
| Real Sociedad Española de Física | G28750685 | Excepcional | XXXIV Olimpiada Española de Física | 3340.48911 | 24.587,50 € | Xunta de Goberno |

Lugo, 13 de abril de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1120

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTE)*Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña e vehículos históricos, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2023, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 41.000,00 € (corenta e un mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00€.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 15 de abril de 2023.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1121

CONCELLOS**ANTAS DE ULLA***Anuncio*

Resolución de Alcaldía de data 13 de abril de 2023 pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e datas, do proceso selectivo da convocatoria para a estabilización do emprego temporal de prazas vacantes no persoal municipal mediante o sistema de concurso.

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 13 de abril de 2023 a listaxe definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e datas, do proceso selectivo da convocatoria para a selección e cobertura de prazas a prover mediante o sistema de concurso, incardinadas nun proceso de estabilización de emprego temporal, do tenor literal seguinte:

PRIMEIRO. Estimar as seguintes alegacións:

| Rexistro | Nome | DNI | Documentación | Alegación |
|---------------|------------------------|------------|---|---|
| 2023-E-RC-195 | GARCÍA GÓMEZ, JAVIER | 76570142-Z | Fotocopia compulsada carné de conducir | Solicita ser admitido no proceso ao emendar en prazo os defectos de documentación |
| 2023-E-RC-196 | GARCÍA LÓPEZ, M. LAURA | 76570114-D | Certificado de delitos de natureza sexual | Solicita ser admitida no proceso ao emendar en prazo os defectos de documentación |

Polos seguintes motivos: Ambos os aspirantes foron excluído/as por non aportar algún dos documentos esixidos na Base Segunda, considerados como necesarios para poder participar nos procesos selectivos. Tendo en conta que presentaron a documentación requirida en prazo, considérase que emendaron os defectos que motivaron a exclusión, polo que se deben incorporar as modificacións pertinentes no expediente.

SEGUNDO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

A) 1 praza de auxiliar administrativo:

- **ADMITIDOS:**

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|--|-----------|-----------------|
| CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA | ****9638* | SI |
| GARCÍA ARCE, M ^a DE LOS ANGELES | ****0190* | EXENTO/A |
| GARCÍA TORRES, MARÍA ELISA | ****6784* | EXENTO/A |
| LAMAZARES CASTIÑEIRA, ESTEFANIA | ****8515* | EXENTO/A |
| PENAS SOTO, BELÉN | ****7314* | EXENTO/A |
| PÉREZ NÚÑEZ, NOÉ | ****3426* | EXENTO/A |
| SOBRADO SALGADO, DORIS | ****2415* | EXENTO/A |
| VEGA SÁNCHEZ, MARGARITA | ****0661* | EXENTO/A |

- **EXCLUIDOS:**

Ningún.

B) 19 prazas de auxiliar de axuda no fogar:

- **ADMITIDOS:**

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|---|-----------|-----------------|
| BARDASCO SANTÍN, M. PILAR | ****0369* | SI |
| BESTEIRO FERNANDEZ, ROSA M ^a | ****0338* | EXENTO/A |
| CASTRO GONZÁLEZ, M. ISABEL | ****2914* | SI |
| CORBELLA FERNÁNDEZ, M ^a JOSÉ | ****5836* | SI |
| CORDEIRO ROQUEIRO, M. MARGARITA | ****0710* | EXENTO/A |
| FEAS FERREIRO, BEGOÑA | ****1274* | EXENTO/A |
| FONSECA GUIMARAES, VANDELEIA | ****9049* | SI |
| GARCÍA LÓPEZ, M ^a LAURA | ****0114* | SI |

| | | |
|---------------------------------------|-----------|----------|
| GARCÍA MOSQUERA, MARIA | ****5879* | EXENTO/A |
| GÓMEZ VÁZQUEZ, VERÓNICA | ****9934* | EXENTO/A |
| GUERRA GARCÍA, BEGOÑA | ****7424* | EXENTO/A |
| GUERRA GARCÍA, M. VANESSA | ****7247* | EXENTO/A |
| GUERRA MONTES, CONCEPCIÓN | ****5215* | EXENTO/A |
| GUZMAN DE GARCÍA, LISBETH JOSEFINA | ****7433* | EXENTO/A |
| LAMAZARES CASTIÑEIRA, ESTEFANIA | ****8515* | EXENTO/A |
| LOPEZ AMORIN, ROCIO | ****9133* | EXENTO/A |
| LOUZAO GARCIA, LUCIA | ****7959* | SI |
| MÉNDEZ LÓPEZ, M ^a CRUZ | ****0045* | SI |
| MOURE NÚÑEZ, ESPERANZA | ****8849* | SI |
| MOURELLE PACÍN, M ^a CARMEN | ****4771* | SI |
| NEGRO GARCÍA, M ^a PILAR | ****9255* | SI |
| NEGRO VÁZQUEZ, SONIA | ****8513* | EXENTO/A |
| PAZOS VÁZQUEZ, M ^a TERESA | ****6069* | SI |
| PENAS ROUCO, M. MERCEDES | ****1214* | SI |
| PRADO ANDRADE, MÓNICA | ****0957* | EXENTO/A |
| VÁZQUEZ CARBALLO, EVA | ****5166* | EXENTO/A |
| VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, M. CARMEN | ****8306* | SI |
| VILA RIOS, EVA | ****3257* | EXENTO/A |

- EXCLUIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | CAUSA |
|-------------------------|-----------|-------------------------|
| CONDE CARNERO, PATRICIA | ****3514* | Base 2 ^a .f) |

C) 1 praza de operario de recollida de lixo:

- ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|-----------------------|-----------|-----------------|
| ANDRADE LÓPEZ, MANUEL | ****2834* | EXENTO/A |

- EXCLUIDOS:

Ningún.

D) 2 prazas de limpadores:

- ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|---------------------------------------|-----------|-----------------|
| CASTRO GONZÁLEZ, M. ISABEL | ****2914* | SI |
| COEGO SANTISO, M. CARMEN | ****8162* | EXENTO/A |
| GUERRA GARCÍA, M. VANESSA | ****7247* | EXENTO/A |
| MOURELLE PACÍN, M ^a CARMEN | ****4771* | SI |

| | | |
|---------------------------|-----------|----------|
| SANTISO RODRÍGUEZ, ISABEL | ****3355* | EXENTO/A |
|---------------------------|-----------|----------|

- EXCLUIDOS:

Ningún.

E) 1 praza de información xuvenil:

- ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|--|-----------|-----------------|
| CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA | ****9638* | SI |
| GARCÍA ARCE, M ^a DE LOS ANGELES | ****0190* | EXENTO/A |
| SANTISO ARIAS, NATALIA | ****7988* | SI |

- EXCLUIDOS:

Ningún.

F) 1 praza de auxiliar administrativo de servizos sociais:

- ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|--|-----------|-----------------|
| CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA | ****9638* | SI |
| GARCÍA ARCE, M ^a DE LOS ANGELES | ****0190* | EXENTO/A |
| GARCÍA TORRES, MARÍA ELISA | ****6784* | EXENTO/A |
| GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, ALICIA | ****0649* | EXENTO/A |
| PÉREZ NÚÑEZ, NOÉ | ****3426* | EXENTO/A |
| RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL | ****6523* | EXENTO/A |
| VEGA SÁNCHEZ, MARGARITA | ****0661* | EXENTO/A |

- EXCLUIDOS:

Ningún.

G) 1 praza de vixiante:

- ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|--------------------------|-----------|-----------------|
| CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA | ****9638* | SI |
| GARCÍA GÓMEZ, JAVIER | ****0142* | EXENTO/A |

- EXCLUIDOS:

Ningún.

TERCEIRO. Nomear tribunal:

A) Para a selección de 1 praza de auxiliar administrativo:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D^a. Loreto Rodríguez Costas, xefa da Sección de Fomento da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: Dona Delia López Rodríguez, xefa da Sección de Actas e Asuntos Xerais da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D^a. Inmaculada Lovelle Varela, administrativa no Negociado Recursos Propios e Tesouraría na Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

B) Para a selección de 19 prazas de auxiliar de axuda no fogar:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D^a. Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D^a. María José Cuadrado Martínez, administrativa na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D^a. Penélope Bagaría Rodríguez, administrativa na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

C) Para a selección de 1 praza de operario de recollida de lixo:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D. Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación, na Sección de Mantemento da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D. José Rodríguez Pérez, coordinador xefe portería e reprografía na Unidade de Portería e Vixilancia da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D^a. María Teresa López Rodríguez, Xefa da Unidade de Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.

D) Para a selección de 2 prazas de limpadores:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D. Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación, na Sección de Mantemento da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D. José Rodríguez Pérez, coordinador xefe portería e reprografía na Unidade de Portería e Vixilancia da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D^a. María Teresa López Rodríguez, Xefa da Unidade de Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.

E) Para a selección de 1 praza de información xuvenil:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D. José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D^a. Julia Vázquez Silvarrey, xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D^a. Inmaculada Lovelle Varela, administrativa no Negociado Recursos Propios e Tesouraría na Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

F) Para a selección de 1 praza de auxiliar administrativo de servizos sociais:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D^a. Loreto Rodríguez Costas, xefa da Sección de Fomento da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: Dona Delia López Rodríguez, xefa da Sección de Actas e Asuntos Xerais da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: : Dona Inmaculada Lovelle Varela, administrativa no Negociado Recursos Propios e Tesouraría na Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

G) Para a selección de 1 praza de vixiante:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D. Alfonso Fernández Alonso, coordinador xefe vixilancia vías provinciais na Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D. Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación, na Sección de Mantemento da Deputación de Lugo.

Vogal: D. Alberto Carballo Sánchez, AEDL do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

CUARTO. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

QUINTO. Procederáse a realizar a baremación dos méritos alegados polos participantes o día 28 de abril de 2023 ás dez da mañá.

SEXTO. A realización do exercicio de galego terá lugar o día 28 de abril de 2023, ás 11,30 horas, na Casa do Concello de Antas de Ulla, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa.

SÉTIMO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Corporación e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal, contra a cal se poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación ou ben recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Antas de Ulla, 13 de abril de 2023.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 1109

Anuncio

Resolución de Alcaldía de data 13 de abril de 2023 pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e datas, do proceso selectivo da convocatoria para a estabilización do emprego temporal de prazas vacantes no persoal municipal mediante o sistema de concurso - oposición.

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 13 de abril de 2023 a listaxe definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e datas, do proceso selectivo da convocatoria para a selección e cobertura de prazas a prover mediante o sistema de concurso - oposición, incardinadas nun proceso de estabilización de emprego temporal, do tenor literal seguinte:

PRIMEIRO. Estimar as seguintes alegacións:

| Rexistro | Nome | DNI | Documentación | Alegación |
|---------------|------------------------|------------|---|---|
| 2023-E-RC-196 | GARCÍA LÓPEZ, M. LAURA | 76570114-D | Certificado de delitos de natureza sexual | Solicita ser admitida no proceso ao emendar en prazo os defectos de documentación |

Polos seguintes motivos: a aspirante foi excluída por non aportar algún dos documentos esixidos na Base Segunda, considerados como necesarios para poder participar nos procesos selectivos. Tendo en conta que presentou a documentación requirida en prazo, considérase que emendou os defectos que motivaron a exclusión, polo que se deben incorporar as modificacións pertinentes no expediente.

SEGUNDO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

- **ADMITIDOS:**

| APELIDOS E NOME | NIF | PROBA DE GALEGO |
|---|-----------|-----------------|
| BARDASCO SANTÍN, M. PILAR | ****0369* | SI |
| BESTEIRO FERNANDEZ, ROSA M ^a | ****0338* | EXENTO/A |
| CASTRO GONZÁLEZ, M. ISABEL | ****2914* | SI |
| CORBELLA FERNÁNDEZ, M ^a JOSÉ | ****5836* | SI |
| CORDEIRO ROQUEIRO, M. MARGARITA | ****0710* | EXENTO/A |
| FEAS FERREIRO, BEGOÑA | ****1274* | EXENTO/A |
| FONSECA GUIMARAES, VANDELEIA | ****9049* | SI |
| GARCÍA LÓPEZ, M ^a LAURA | ****0114* | SI |
| GARCÍA MOSQUERA, MARIA | ****5879* | EXENTO/A |
| GÓMEZ VÁZQUEZ, VERÓNICA | ****9934* | EXENTO/A |

| | | |
|---------------------------------------|-----------|----------|
| GUERRA GARCÍA, BEGOÑA | ****7424* | EXENTO/A |
| GUERRA GARCÍA, M. VANESSA | ****7247* | EXENTO/A |
| GUERRA MONTES, CONCEPCIÓN | ****5215* | EXENTO/A |
| GUZMAN DE GARCÍA, LISBETH JOSEFINA | ****7433* | EXENTO/A |
| LAMAZARES CASTIÑEIRA, ESTEFANIA | ****8515* | EXENTO/A |
| LOPEZ AMORIN, ROCIO | ****9133* | EXENTO/A |
| LOUZAO GARCIA, LUCIA | ****7959* | SI |
| MÉNDEZ LÓPEZ, M ^a CRUZ | ****0045* | SI |
| MOURELLE PACÍN, M ^a CARMEN | ****4771* | SI |
| NEGRO GARCÍA, M ^a PILAR | ****9255* | SI |
| NEGRO VÁZQUEZ, SONIA | ****8513* | EXENTO/A |
| PAZOS VÁZQUEZ, M ^a TERESA | ****6069* | SI |
| PENAS ROUCO, M. MERCEDES | ****1214* | SI |
| PRADO ANDRADE, MÓNICA | ****0957* | EXENTO/A |
| VÁZQUEZ CARBALLO, EVA | ****5166* | EXENTO/A |
| VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, M. CARMEN | ****8306* | SI |
| VILA RIOS, EVA | ****3257* | EXENTO/A |

- EXCLUIDOS:

| APELIDOS E NOME | NIF | CAUSA |
|-------------------------|-----------|-------------------------|
| CONDE CARNERO, PATRICIA | ****3514* | Base 2 ^a .f) |

TERCEIRO. TERCEIRO.- Nomear tribunal:

Presidente: D^a. Montserrat Casas Cabido, Secretaria do Concello de Vilar de Santos.

Suplente: D^a. María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños.

Secretario: D^a. María Carmen Pérez Rodríguez, Secretaria acctal. do Concello de Antas de Ulla.

Suplente: D. Alejandro Alcalde Varela, Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral de Xunta de Galicia.

Vogal: D. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: D^a. Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Vogal: D. David Criado Taboada, Secretario do Concello de Agolada.

Suplente: D^a. María José Cuadrado Martínez, administrativa na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Vogal: D^a. Margarita Viña Santos, Traballadora Social do Concello de Portomarín.

Suplente: D^a. Penélope Bagaría Rodríguez, administrativa na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

CUARTO. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

QUINTO. A realización do exercicio de galego terá lugar o día 28 de abril de 2023, ás 11,30 horas, na Casa do Concello de Antas de Ulla, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa.

A realización do exercicio da fase de oposición terá lugar o día 28 de abril de 2023, ás 12,30 horas, na Casa do Concello de Antas de Ulla, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa.

SEXTO. Procederáse a realizar a baremación dos méritos alegados polos participantes o día 28 de abril de 2023 ás 12,00 horas.

SÉTIMO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia, así como na sede electrónica deste Concello, a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o exercicio de galego.

Antas de Ulla, 13 de abril de 2023.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 1110

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 10 de abril de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 10 de abril ata o 10 de xuñe de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 10 de abril de 2023.- A Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1122

BÓVEDA

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No BOP de Lugo N.º 45, de data 24/02/2023, publicouse o anuncio de aprobación definitiva do orzamento municipal do exercizo 2023. Advertido un erro no importe do orzamento total de gastos, procede a publicarse o seu importe rectificado ascendendo a 1.512.685,06€, en vez de 1.412.685,56€.

Bóveda, 12 de abril de 2023.- Alcande, Jose Manuel Arias López.

R. 1123

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2023- 0289 de data 13/04/2023 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a cobertura dun posto de traballo de profesor de guitarra a tempo parcial de 20 horas mediante contrato laboral temporal de substitución (Disposición adicional 4ª do RDL 32/2021):

BASES PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE INTERINIDADE DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DO CONCELLO DE BURELA; ESPECIALIDADE GUITARRA.-

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a cobertura de unha praza de profesor/a de música vacante, a contratar temporalmente na modalidade de contrato laboral de interinidade a tempo parcial recollida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no artigo 4.2 b) do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, así como a disposición adicional cuarta do Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

A relación laboral de interinidade estenderase dende a sinatura do contrato ata a cobertura definitiva da praza ou cando por causas sobrevenidas a mesma sexa amortizada ou por supresión do servizo, sen que de acordo co disposto entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo (Sala 4ª do Social) de 10 de outubro de 2014, recaída no recurso de casación para a unificación de doutrina número 723/2013 dito proceso de cobertura poda superar os tres anos.

Características das prazas:

| Denominación | Horas semanais |
|------------------------|----------------|
| Profesor/a de guitarra | 20 horas |

Código de identificación na relación de postos de traballo do Concello: 7117; Área: Cultura e Deportes; Unidade Cultura; Categoría profesional: 2-diplomado; Nivel de complemento de destino: 16.

A xornada estenderase de luns a domingo no horario aprobado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo e cos descansos establecidos legalmente.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>) e estarán a disposición dos/as interesados/as no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

2.- FUNCIONES E RETRIBUCIÓNS.

Funcións do posto:

- Impartición da formación correspondente ao curso ao seu cargo.
- Apertura e peche da aula.
- Disposición do material necesario para a impartición do curso
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza/posto convocada/o segundo o establecido no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela e en atención á xornada parcial do posto a cubrir, co seguinte desglose mensual: salario 594,09 €; CD 216,80 €; parte proporcional da paga extra 108,35€.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título profesional de Música na especialidade instrumental á que se opta.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a

corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.

h) Estar en posesión do título CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditarse realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato ao de formalización do contrato. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Burela, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado contrato deixaría de ter validez.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Forma de presentación. Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

4.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de **7 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

4.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Fotocopia do título académico esixido. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

